

Quiasmo

ARTES LETRAS E CIÊNCIA



Existir en dous movementos I Carmen Villar Alonso

11/02/2026



xénese (léase coma un augurio):

nada máis nacer

creei o mundo

asegureime de empezar

polo sorriso do avó
e aquela boina gastada
cosida polas propias fadas
que o protexía do sol

despois, a miña avoa:
mandilón, mandilón e mandilón,
que teña onde escoller,
pero mandilón,
e un pano negro para a cabeza
e nas mans a aspereza suave
das que lavan
das que fregan e aloumiñan,
das que sachan

mans que tecían
aquelas miñas trenzas infindas
coas que non precisaba
que ninguén me rescataste:
eu era unha princesa autónoma,
ou, máis ben, detective

con elas era quen
de correr, de choutar
e mesmo de voar
improvisando unha hélice,
e de aterrar sa e salva
sobre a herba
só cos xeonllos magoados

estaba escrito

estaba escrito
que tiña que medrar entre dous ríos,
tigris-bangueses,
éufrates-gorgua,
mesopotamia ausente de herdanzas,
e debuxei, cun só suspiro, toda a auga
na que guindar botellas
de mensaxe a terra estraña

cantos barcos de papel
non afundiron
mentres pensaba
como de grande sería o mar,
acaso coma a miña montaña?

tiña de ser,
dicían as tres meigas
que viñeran ao meu bautizo,
tres señoras da aldea do lado,
cada unha co seu pano,
tamén negro,
negro coma o pasado

tiña de ser
que fose nena de ler
e ao meu redor medraron os libres
e subín a eles coma a un outeiro
para enxergar dende alí
o universo

tiña de ser
que fose nena de saber
e ao meu derredor medrasen as preguntas

e aínda
coas mans tatuadas
coa herba das andoriñas
farta de contar estrelas
e de pintar arcos da vella
no horizonte
lembrei os vagalumes e os cabaliños do demo

non podían faltar

tiña que facelos canto antes

antes de desapareceren para sempre,
antes de seren tan exóticos
que haxa que ir a bali a por eles

non podían faltar
os carballos
para abrazarme,
nin os cruces de camiños
nos que cederlle o paso
á santa compañía
e aos lobos
que se achegaban amodiño
a cheirarnos

ao sétimo día non descansei

porque era domingo,
domingo de ramos,
e estreabamos soños e zapatos

e eu ía coma dorothy,
con sandalias vermellas,
e ía camiñando a saltos,
ou coma os merlos nas hortas
ledos de dar aniñado

tampouco descansei ao día seguinte
na infancia non descansamos nunca
deixamos todo o cansazo para despois

para cando somos xente
que non pode vestir calcetíns de distinta cor
nin pintar mariolas no cemento
antes de dar o seguinte paso
á pata coxa

apocalipse (léase cantando):

agora canto, agora canto,
canto todo o que perdín,
agora canto, agora canto,
canto estraño o que vivín